



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000205

RESOLUCIÓN

ASUNTO: NOMEAMENTO ADMINISTRATIVO-XEFE UNIDADE ADMINISTRATIVA

EXPEDIENTE:2019/G003/000205

ANTECEDENTES:

Nomeamento de funcionario proposto pola Comisión de Valoración do procedemento selectivo para a provisión dun posto de traballo vacante de funcionario Administrativo-Xefe da Unidade Administrativa, Subgrupo C1.

Pola resolución da alcaldía de data 31-01-2019 aprobouse a convocatoria pública e as bases reguladoras do procedemento selectivo para a provisión mediante concurso dun posto de traballo vacante, incluído na Oferta Pública de Emprego deste concello para o ano 2018, a cal foi aprobada pola resolución da alcaldía de data 21-11-2018, publicada no BOP núm. 224 do 23-11-2018, denominado:

<u>Clasificación</u>	<u>Denominación</u>	<u>Núm. Vacantes</u>
----------------------	---------------------	----------------------

C- Subgrupo C1- Administrativo de Administración Xeral- Xefe Unidade Administrativa		1
---	--	---

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 25, de 5 de febreiro de 2019, publicouse a convocatoria e as súas bases reguladoras. Poderán participar os funcionarios de carreira ao servizo de calquera das Administracións Públicas que cumpran os requisitos esixidos.

No DOG núm. 30, de 12-02-2019, publicouse o anuncio da convocatoria. O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días naturais dende o seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no DOG.

Durante o prazo hábil para a presentación de solicitudes foron presentadas as seguintes:

<u>SOLICITANTE</u>	<u>DNI</u>	<u>REXISTRO</u>
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	886-04-03-2019



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000205

Pola resolución da alcaldía de data 07-03-2019 aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeuse aos membros da Comisión de Valoración para o procedemento selectivo, acordando a data de celebración do proceso establecida para o día 22-03-2019.

Celebrado o procedemento selectivo a Comisión de valoración acordou aprobar ao aspirante D. EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS, DNI 76406099F, e elevar á alcaldía a proposta de nomeamento do funcionario de carreira do Concello de Ponteceso, Administrativo-Xefe da Unidade Administrativa, Subgrupo C1, a favor do sobredito funcionario.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear ao candidato proposto pola Comisión de Valoración como funcionario de carreira do Concello de Ponteceso para o posto de ADMINISTRATIVO-XEFE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA, Subgrupo C1, a D. EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS, DNI 76406099F.

Segundo.- Publicar no Diario Oficial de Galicia o anuncio relativo ao nomeamento, e de conformidade coas Bases que rexeron o concurso para a provisión do posto de traballo, base novena, a toma de posesión do posto adxudicado como consecuencia da realización do concurso terá lugar a partir da publicación da resolución deste, de conformidade co previsto no art. 14 do Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna da Comunidade Autónoma de Galicia. A toma de posesión realizarase no prazo de tres días hábiles dende o día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes hábiles ao da publicación do anuncio da resolución da convocatoria no DOG. A todos os efectos o prazo de posesión considerarase como de servizo activo, comezando os efectos económicos dende a data do cese no posto de procedencia

Terceiro.- Notificar ao interesado e á Administración Pública de procedencia esta resolución, aos efectos legalmente establecidos, e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.